

**a arte,
se é de chocolate,
mellor.**

Coordinación: Antonio Cervera

Textos: Concha Fontenla / Alejandro Ríos / Xerardo Estévez /
Xosé A. Sánchez Bugallo / David Barro 978-84-934415-9-3

Fotografía: Patricia Dopico / César Loza /
Cinzia Pegorin / Jesús Pastor

Diseño: dardo ds / Laura Gómez

Impresión: Litonor

© edición: Consorcio de Santiago / Factoría Compostela
© fotografías, textos y traducciones: los autores

ISBN: 978-84-934415-9-3
depósito legal:

CONSORCIO DE SANTIAGO
Rúa do Vilar 59 / 15705 Santiago de Compostela
T.: +34 981 574 700
www.consortio-santiago.org

FACTORÍA COMPOSTELA
Rúa da Conga 9 / 15702 Santiago de Compostela
T.: +34 981 557 853
www.factoriacompostela.com



A CHOCOLATARÍA

Espazo de Experimentación e Creación Contemporánea.
Rúa Orfas, 15 Santiago de Compostela
T.: +34 981 557 853
www.achocolataria.org / info@achocolataria.org

Empresas patrocinadoras



VIRIATO

C5COLECCIÓN

factoria
COMPOSTELA



VIAJES ATLANTICO

ficció-n



SUTEGA
PLANIFICACIÓN TÉCNICA CALIDAD



Entidades colaboradoras



CONSELLO SOCIAL



**a arte,
se é de chocolate,
mellor.**

XOSÉ A. SÁNCHEZ BUGALLO / PRÓLOGO

O outono de 2005 deixou en Compostela un arrecendo a saboroso chocolate. O aroma, sorprendente e cativador, saía da rúa das Orfas, máis concretamente do nº 15, onde noutrora estaba instalada a fábrica de Raposo, mais que nesa altura lucía reconvertida nun espazo artístico que só gardaba en común cos anteriores ocupantes o nome.

A nova *Chocolataría* nacía dunha receita tan orixinal que resultaba difícil de clasificar: un espazo cultural de experimentación e creación contemporánea, un proxecto non comercial, con trasfondo social e no que ían participar artistas de referencia no panorama internacional. Unha proposta dacabalo entre a iniciativa pública e a privada, nacida desde o inconformismo e xestionada pola Asociación Cultural sen ánimo de lucro D'5.

Naquel momento –e aínda hoxe– había poucos referentes cos que se puidera comparar un proxecto semellante. A idea de recuperar un espazo industrial e abandonado é algo que se pode ver no *Arsenal* de Venecia ou no parisino *Palais de Tokyo*, pero en ningún deles se deu a cargo dunha asociación sen ánimo de lucro.

A Chocolataría desprendeu o seu doce cheiro durante 15 meses e nese tempo conseguiu engaiolar a un número abraiante de visitantes, capturando mesmo a moitos que nunca se tiveran atrevido a entrar nunha galería de arte ata aquel momento. Isto, non me queda dúbida, non é máis ca unha consecuencia da aposta que realizou D'5, unha equipa de profesionais, audaces, creativos e profundamente entregados a este proxecto que logrou colocar a Compostela á vangarda da cultura en todo o mundo.

Agora, cunha receita mesmo mellorada, acaban de abrir novas factorías en Santiago e na Habana. Estou certo de que desde estes novos espazos continuarán suscitando interese pola arte contemporánea, dende a reflexión e o pensamento, dende a confrontación e o respecto á cultura e a sociedade.

Sorte neste novo proxecto e parabéns a todos os membros do equipo de D'5 porque eles son o punto de partida doutro camiñar.

El otoño de 2005 dejó en Compostela un aroma a sabroso chocolate. El aroma, sorprendente y cautivador, salía de la Rúa das Orfas, más concretamente del nº 15, donde antaño estaba instalada la fábrica de Raposo, pero que en aquel lucía reconvertida en un espacio artístico que sólo guardaba en común con los anteriores ocupantes el nombre.

La nueva *Chocolataría* nacía de una receta tan original que resultaba difícil de clasificar: un espacio cultural de experimentación y creación contemporánea, un proyecto no comercial, con trasfondo social y en el que iban a participar artistas de referencia en el panorama internacional. Una propuesta a caballo entre la iniciativa pública y la privada, nacida desde el inconformismo y gestionada por la Asociación Cultural sin ánimo de lucro D'5.

En aquel momento –y aun hoy– había pocos referentes con los que se había podido comparar un proyecto semejante. La idea de recuperar un espacio industrial y abandonado es algo que se puede ver en el *Arsenal* de Venecia o en el parisino *Palais de Tokyo*, pero en ninguno de ellos se dio a cargo de una asociación sin ánimo de lucro.

A Chocolataría desprendió su dulce olor durante 15 meses y en ese tiempo consiguió encantar a un número asombroso de visitantes, atrapando incluso a muchos que nunca se hubieran atrevido a entrar en una galería de arte hasta aquel momento. Esto, no me queda duda, no es más que una consecuencia de la apuesta que realizó D'5, un equipo de profesionales, audaces, creativos y profundamente entregados a este proyecto que logró colocar a Compostela a la vanguardia de la cultura en todo el mundo.

Ahora, con una receta incluso mejorada, acaban de abrir nuevas factorías en Santiago y en la Habana. Estoy seguro de que desde estos nuevos espacios continuarán suscitando interés por las artes contemporáneas, desde la reflexión y el pensamiento, desde la confrontación y el respeto a la cultura y la sociedad.

Suerte en este nuevo proyecto y enhorabuena a todos los miembros del equipo de D'5 porque ellos son el punto de partida de otro caminar.



O paso do tempo permítenos facer unha valoración bastante aproximada do que supuxo a recuperación do espazo da antiga fábrica de chocolates Raposo de Santiago de Compostela para albergar, desde setembro de 2005, un amplo programa de experimentación e creación contemporánea, por un período de doce meses que, ao cabo, se converterían en quince.

A Chocolaría naceu dunha ilusión compartida, do traballo desinteresado de decenas de persoas que creron cegamente nun proxecto tan utópico como real. En apenas mes e medio, a vella fábrica abandonada recuperou o lustre perdido, a luz, a maxia. Tratouse dun proceso de acondicionamento na contra do reloxo; en tempo récord, resaltouse o potencial plástico dun espazo que parecía agardar pacientemente a chegada dese momento. Unicamente a sala principal foi modificada de acordo con parámetros –máis ou menos convencionais– de exhibición, constituíndo un escenario idóneo para todo tipo de intervencións, pola súa amplitude e diafanidade; en canto ás demais estanzas conservaron, inalterado, o encanto das vellas máquinas de chocolate co seu intenso e indeleble aroma a cacao. O patio, unha vez desbrozada a maleza, volveu adquirir un papel protagonista na organización do espazo, potenciando de xeito notorio as súas posibilidades e establecendo un fecundo diálogo

CONCHA FONTENLA
A CHCOLATARÍA / A CHCOLATARÍA

El paso del tiempo nos permite hacer una valoración bastante aproximada de lo que supuso la recuperación del espacio de la antigua fábrica de chocolates Raposo de Santiago de Compostela para albergar, desde septiembre de 2005, un amplio programa de experimentación y creación contemporánea, por un periodo de doce meses que, a la postre, se convertirían en quince.

A Chocolaría nació de una ilusión compartida, del trabajo desinteresado de decenas de personas que creyeron ciegamente en un proyecto tan utópico como real. En apenas mes y medio, la vieja fábrica abandonada recuperó el lustre perdido, la luz, la magia. Se trató de un proceso de acondicionamiento a contrarreloj; en tiempo récord, se enfatizó el potencial plástico de un espacio que parecía haber aguardado pacientemente la llegada de ese momento. Únicamente la sala principal fue modificada de acuerdo con parámetros –más o menos convencionales– de exhibición, constituyendo un escenario idóneo para todo tipo de intervenciones, por su amplitud y diafanidad; en cuanto a las demás estancias conservaron, inalterado, el encanto de las viejas máquinas de chocolate con su intenso e indeleble aroma a cacao. El patio, una vez desbrozada la maleza, volvió a adquirir un papel protagonista en la organización del espacio, potenciando de manera notoria sus posibilidades y esta-

con cada unha das dependencias contiguas, a xeito de foro da estrutura orgánica circundante.

Desde os seus inicios, os que promovemos A Chocolataría fomos conscientes da repercusión que tería, dentro e fóra de Galicia, pola súa singularidade como centro absolutamente aberto á participación cidadá, ao seu amplo contexto social. Non obstante, nin sequera os máis optimistas presaxiamos unha acollida tan excepcional como a que finalmente tivo este espazo de debate, investigación, creación e pensamento. Decenas de artistas plásticos, escritores, músicos, escenógrafos, arquitectos, deseñadores, *performers* e creadores individuais colaboraron activamente nunha programación que deu cabida a unha fascinante heteroxeneidade de discursos, en ocasións contrapostos, na que sempre primou o compromiso coa liberdade e a transparencia, paradigmas da galería C5 colección que lle serviu de soporte.

Non obstante, por riba de todo, o gran logro da Chocolataría foi a súa conexión coa sociedade: máis de 125.000 persoas acudiron ao espazo en apenas 15 meses e, o que é máis importante, non houbo un perfil de visitante determinado: nenos, anciáns, parellas, grupos, estudantes, profesionais de diversos ámbitos... Máis alá de ofrecer un proxecto conceptual e estético suxestivo, A Chocolataría conseguiu cumprir o seu obxectivo primordial: converterse *no espazo de todos*. E fíxoo desde o primeiro día, no que a cidade foi convidada a derrubar o muro de chocolate co que Diego Santomé tapiara a porta de entrada e, con el, o muro de prexuízos que habitualmente afasta o gran público da arte contemporánea, que atrincheira as institucións culturais nunha posición de inaccesibilidade aurática. Ao outro lado do muro, o despregamento plástico e tecnolóxico de Julian Opie.

“A choco”, lonxe de pecharse na súa propia programación, de sumirse nun proceso de autorreflexión, contribuíu a potenciar a programación dalgúns dos festivais e eventos máis importantes da cidade, converténdose nun nodo do circuíto cultural internacional, no que se inseriu sen prexuízos, desde a súa sólida vinculación co contexto local compostelán.

A elección da antiga fábrica de chocolates Raposo como localización resultou decisiva na conexión coa cidadanía. Así, dun xeito consciente, apartámonos da asepsia dos espazos de arte contemporánea ao uso, en favor dunha poética diverxente, dun escenario emotivo, directamente vinculada cos recordos de miles de composteláns aos que apelamos e para os que traballamos intensamente. Desde a nosa perspectiva, resultaba sumamente enriquecedor rescatar a memoria coa re-elaboración do preexistente, sempre baixo a certeza de que de era preciso construír espazos intersubxectivos baseados na xustaposición, na incorporación, na adición...

Obviamente, dentro da liberdade que rexía os principios de funcionamento da Chocolataría, foi preciso instaurar certas pautas, un criterio que traducise –nunha formulación estética e conceptual sólida– a acumulación e interrelación de contidos de diversa procedencia. Non por azar, o grande eixe do proxecto foi o debuxado

bleciendo un fecundo diálogo con cada una de las dependencias contiguas, a modo de foro de la estructura orgánica circundante.

Desde sus inicios, quienes promovimos A Chocolataría fuimos conscientes de la repercusión que tendría, dentro y fuera de Galicia, por su singularidad como centro absolutamente abierto a la participación ciudadana, a su amplio contexto social. Sin embargo, ni siquiera los más optimistas presagiamos una acogida tan excepcional como la que finalmente tuvo este espacio de debate, investigación, creación y pensamiento. Decenas de artistas plásticos, escritores, músicos, escenógrafos, arquitectos, diseñadores, *performers* y creadores individuales colaboraron activamente en una programación que dio cabida a una fascinante heterogeneidad de discursos, en ocasiones contrapuestos, en la que siempre primó el compromiso con la libertad y la transparencia, paradigmas de la galería C5 colección que le sirvió de soporte.

No obstante, por encima de todo, el gran logro de A Chocolataría fue su conexión con la sociedad: más de 125.000 personas acudieron al espacio en apenas 15 meses y, lo que es más importante, no hubo un perfil de visitante determinado: niños, ancianos, parejas, grupos, estudiantes, profesionales de diversos ámbitos... Más allá de ofrecer un proyecto conceptual y estético sugerente, A Chocolataría consiguió cumplir su objetivo primordial: convertirse en *el espacio de todos*. Y lo hizo desde el primer día, en el que la ciudad fue invitada a derribar el muro de chocolate con el que Diego Santomé había tapiado la puerta de entrada y, con él, el muro de prejuicios que habitualmente aleja al gran público del arte contemporáneo, que atrinchera a las instituciones culturales en una posición de inaccesibilidad aurática. Al otro lado del muro, el despliegue plástico y tecnológico de Julian Opie.

“La choco”, lejos de cerrarse en su propia programación, de sumirse en un proceso de autorreflexión, contribuyó a potenciar la programación de algunos de los festivales y eventos más importantes de la ciudad, convirtiéndose en un nodo del circuito cultural internacional, en el que se insertó sin prejuicios, desde su sólida vinculación con el contexto local compostelano.

La elección de la antigua fábrica de chocolates Raposo como emplazamiento resultó decisiva en la conexión con la ciudadanía. Así, de una manera consciente, nos apartamos de la asepsia de los espacios de arte contemporáneo al uso, en favor de una poética divergente, de un escenario emotivo, directamente vinculado con los recuerdos de miles de compostelanos a los que apelamos y para los que trabajamos intensamente. Desde nuestra perspectiva, resultaba sumamente enriquecedor rescatar la memoria con la re-elaboración de lo preexistente, siempre bajo la certeza de que de era necesario construir espacios intersubjetivos basados en la yuxtaposición, en la incorporación, en la adición...

Obviamente, dentro de la libertad que regía los principios de funcionamiento de A Chocolataría, fue necesario instaurar ciertas pautas, un criterio que tradujese –en un planteamiento estético y conceptual sólido– la acumulación e interrelación de

polo diálogo iberoamericano que deu lugar a actividades e exposicións conxuntas de artistas dun e outro lado do Atlántico. De igual xeito, a conexión Galicia-Portugal-Brasil foi claramente resaltada, ao tempo que se tendeu unha ponte a Cuba, bastión cultural de América, como demostra a exposición *Habana Factory* que clausurou o espazo e que, polas súas características, se converteu nun dos seus eventos máis singulares e destacados.

A formulación desta mostra foi moi elocuente en relación coa dinámica de traballo establecida a priori. Sete dos máis importantes artistas cubanos do momento (Carlos Garaicoa, Los Carpinteros, Lázaro Saavedra, Fernando Rodríguez, Luis Gómez, Aimée García e Sandra Ramos) foron convidados a apropiarse do espazo da vella fábrica para dar renda solta ao seu ideario estético. O resultado foi unha mostra polifónica de indubidable beleza que achegaba, desde a sensibilidade, as cidades de Santiago de Compostela e A Habana, tan aparentemente afastadas e, non obstante, tan profundamente irmandadas: Compostela, final de principal itinerario de peregrinación europeo; A Habana, chave da India Occidental; dous enclaves privilexiados separados (¿unidos?) por un océano máxico innúmeras veces navegado por habaneiros e galegos...

De igual modo que o proxecto comezara co derrubamento dun muro, concluía a través desta travesía atlántica, desta aposta por recuperar e manter máis vivo ca nunca un fluxo intercultural secular. E, entre ambas as dúas, unha inxente cantidade de suxestivos diálogos inter-xeracionais entre creadores de moi diferente nesgo; propostas polívocas, mosaicos que aglutinaron o efémero e o permanente, a comprensión persoal do espazo e a súa reformulación en función de experiencias previas, ou simplemente en razón da súa potente carga estética.

Primeiro foron Pedro Gomes, Jose Bechara e Antía Moure os que recolleron a testemuña de Opie e Santomé, con proxectos específicos para o espazo, a cabalo entre o debuxo, a fotografía, a escultura, o vídeo e a instalación, nunha mostra que evitaba claramente calquera tipo de convencionalismo, mentres se abría a múltiples lecturas que presaxiaban unha poética propias, unha personalidade moi marcada.

Santos Montes, Suso Fandiño e Ângela Ferreira, pola súa banda, transformaron o espazo fabril dun xeito totalmente diferente, mediante unha complexa reflexión sobre a identidade comunitaria, o papel das colectividades na definición dos discursos e as prácticas estéticas, a natureza multiforme do imaxinario colectivo e o poder catártico e plástico da morte e a súa representación.

Moi diferente nesgo tiveron as exposicións de Jesús Pastor, Carlos Maciá e Sophie Whettnall os que, desde diferentes soportes, analizaron a natureza da imaxe en todas as súas vertentes a través de obras de carácter intersticial, concibidas en relación co tempo de execución do autor e de recepción do espectador, así como en función da mirada deste. Este discurso, notoriamente formal, deu paso a propostas deliberadamente conceptuais. El Roto e Manuel Sendón, pola súa banda, articularon, desde

contenidos de diversa procedencia. No por azar, el gran eje del proyecto fue el dibujado por el diálogo iberoamericano que dio lugar a actividades y exposiciones conjuntas de artistas de uno y otro lado del Atlántico. De igual modo, la conexión Galicia-Portugal-Brasil fue claramente enfatizada, al tiempo que se tendió un puente a Cuba, bastión cultural de América, como demuestra la exposición *Habana Factory* que clausuró el espacio y que, por sus características, se convirtió en uno de sus eventos más singulares y destacados.

El planteamiento de esta muestra fue muy elocuente en relación con la dinámica de trabajo establecida a priori. Siete de los más importantes artistas cubanos del momento (Carlos Garaicoa, Los Carpinteros, Lázaro Saavedra, Fernando Rodríguez, Luis Gómez, Aimée García y Sandra Ramos) fueron invitados a apropiarse del espacio de la vieja fábrica para dar rienda suelta a su ideario estético. El resultado fue una muestra polifónica de indudable belleza que acercaba, desde la sensibilidad, las ciudades de Santiago de Compostela y La Habana, tan aparentemente lejanas y, sin embargo, tan profundamente hermanadas: Compostela, final de principal itinerario de peregrinación europeo; La Habana, llave de las Indias Occidentales; dos enclaves privilegiados separados (¿unidos?) por un océano mágico innúmeras veces navegado por habaneros y gallegos...

De igual modo que el proyecto había comenzado con el derribo de un muro, concluía a través de esta travesía atlántica, de esta apuesta por recuperar y mantener más vivo que nunca un flujo intercultural secular. Y, entre ambas, una ingente cantidad de sugerentes diálogos inter-generacionales entre creadores de muy diferente sesgo; propuestas polívocas, mosaicos que aglutinaron lo efímero y lo permanente, la comprensión personal del espacio y su reformulación en función de experiencias previas, o simplemente en razón de su potente carga estética.

Primero fueron Pedro Gomes, Jose Bechara y Antía Moure quienes recogieron el testigo de Opie y Santomé, con proyectos específicos para el espacio, a caballo entre el dibujo, la fotografía, la escultura, el vídeo y la instalación, en una muestra que rehuía claramente cualquier tipo de convencionalismo, mientras se abría a múltiples lecturas que presagiaban una poética propias, una personalidad muy marcada.

Santos Montes, Suso Fandiño y Ângela Ferreira, por su parte, transformaron el espacio fabril de una manera totalmente diferente, mediante una compleja reflexión sobre la identidad comunitaria, el papel de las colectividades en la definición de los discursos y las prácticas estéticas, la naturaleza multiforme del imaginario colectivo y el poder catártico y plástico de la muerte y su representación.

Muy diferente sesgo tuvieron las exposiciones de Jesús Pastor, Carlos Maciá y Sophie Whettnall, quienes, desde diferentes soportes, analizaron la naturaleza de la imagen en todas sus vertientes a través de obras de carácter intersticial, concebidas en relación con el tiempo de ejecución del autor y de recepción del espectador, así como en función de la mirada de éste. Este discurso, notoriamente formal, dio paso



o debuxo e a fotografía, desde o humor sarcástico e a indixesta crueza da realidade respectivamente, unha denuncia explícita da acción perniciosa do ser humano sobre a natureza e o medio.

Pouco tempo despois, A Chocolaría deu cabida a unha selección de obras da Colección Rafael Tous, *O absurdo e a arte contemporánea*, na que se contaban os nomes máis representativos da arte conceptual española e pezas de gran transcendencia simbólica e formal. Francesc Abad, Jordi Benito, Jordi Cerdà, Antoni Miralda, Pere Noguera, Jordi Pablo, Carlos Pazos, Joan Rabascall, Francisco Ruiz de Infante, Francesc Torres e Jaume Cifra converteron o espazo da fábrica Raposo nunha reinterpretación do mundo en clave de rebeldía, crítica e ruptura cos postulados tradicionais da formulación artística. Desde a tradición contra a tradición; desde o poder contra o poder. Un suxestivo xogo de linguaxes contrapostos, de sutís alteracións que condicionan a percepción e a intelección das obras e os contextos, que cuestionan, en esencia, tanto a reprodución coma a realidade reproducida e mesmo o propio acto creativo.

Por último, unha retrospectiva da obra do arquitecto Alejandro de la Sota atopou o seu complemento estético nunha nova proposta fotográfica de Manuel Sendón, e ambas as dúas parecían chamadas a clausurar un proxecto concibido con data de caducidade. Non obstante, a reacción espontánea da xente, da cidade de Compostela, habituada a este territorio liberado para o debate da arte e a cultura, motivou a prórroga que, a xeito de epílogo, ampliou tres meses o proxecto inicial, pensado para un ano de ocupación do espazo cedido gratuitamente polo seu propietario, Alejandro Ríos.

O que pareceu unha casualidade non o foi tanto. A última exposición, cargada de metáforas transculturais, supuxo en certo modo o corolario do meu dilatado labor profesional persoal na cidade da Habana, un compromiso coas súas xentes e cunha cultura á que me sinto –sentímonos– profundamente vinculados; simultaneamente, *Habana Factory* actuou tamén como preludio, como indicador da incitante necesidade de dar continuidade estable ao proxecto da Chocolaría e de reforzar o nexo entre Galicia e Cuba, definindo un espazo de converxencia en relación con outro grande eixe iberoamericano, a vinculación entre Portugal e Brasil.

Compostela demandábanos a continuación desta ardua tarefa de dinamización cultural dende o ámbito do alternativo, así como perseverar no empeño de rehabilitar espazos repletos de posibilidades, de sonos e desexos, de historia... Paralelamente, A Habana anhelaba converter a súa efémera intervención na Chocolaría en *algo máis*. A resposta foi Factoría. E Factoría só pode ser entendida a raíz de todo aquilo que aconteceu como contrapunto á actividade expositiva da Chocolaría, que funcionou como unha auténtica entidade de xestión, produción e difusión de contidos culturais, integrada en circuitos de creación preexistentes: foi unha das sedes do *Festival Internacional en Pé de Pedra*, como o foi da *XIV Feira das Artes Escénicas de*

a propostas deliberadamente conceptuais. El Roto y Manuel Sendón, por su parte, articularon, desde el dibujo y la fotografía, desde el humor sarcástico y la indigesta crudeza de la realidad respectivamente, una denuncia explícita de la acción perniciosa del ser humano sobre la naturaleza y el medio ambiente.

Poco tiempo después, A Chocolaría dio cabida a una selección de obras de la Colección Rafael Tous, *O absurdo e a arte contemporánea*, en la que se contaban los nombres más representativos del arte conceptual español y piezas de gran trascendencia simbólica y formal. Francesc Abad, Jordi Benito, Jordi Cerdà, Antoni Miralda, Pere Noguera, Jordi Pablo, Carlos Pazos, Joan Rabascall, Francisco Ruiz de Infante, Francesc Torres y Jaume Cifra convirtieron el espacio de la fábrica Raposo en una reinterpretación del mundo en clave de rebeldía, crítica y ruptura con los postulados tradicionales de la formulación artística. Desde la tradición contra la tradición; desde el poder contra el poder. Un sugerente juego de lenguajes contrapuestos, de sutiles alteraciones que condicionan la percepción y la intelección de las obras y los contextos, que cuestionan, en esencia, tanto la reproducción como la realidad reproducida e incluso el propio acto creativo.

Por último, una retrospectiva de la obra del arquitecto Alejandro de la Sota encontró su complemento estético en una nueva propuesta fotográfica de Manuel Sendón, y ambas parecían llamadas a clausurar un proyecto concebido con fecha de caducidad. Sin embargo, la reacción espontánea de la gente, de la ciudad de Compostela, habituada a este territorio liberado para el debate del arte y la cultura, motivó la prórroga que, a modo de epílogo, amplió tres meses el proyecto inicial, pensado para un año de ocupación del espacio cedido gratuitamente por su propietario, Alejandro Ríos.

Lo que pareció una casualidad no lo fue tanto. La última exposición, cargada de metáforas transculturales, supuso en cierto modo el corolario de mi dilatada labor profesional personal en la ciudad de La Habana, un compromiso con sus gentes y con una cultura a la que me siento –nos sentimos– profundamente vinculados; simultáneamente, *Habana Factory* actuó también como preludio, como indicador de la acuciante necesidad de dar continuidad estable al proyecto de A Chocolaría y de reforzar el nexo entre Galicia y Cuba, definiendo un espacio de convergencia en relación con otro gran eje iberoamericano, la vinculación entre Portugal y Brasil.

Compostela nos demandaba la continuación de esta ardua tarea de dinamización cultural desde el ámbito de lo alternativo, así como perseverar en el empeño de rehabilitar espacios repletos de posibilidades, de sueños y deseos, de historia... Paralelamente, La Habana anhelaba convertir su efímera intervención en A Chocolaría en *algo más*. La respuesta fue Factoría. Y Factoría sólo puede ser entendida a raíz de todo aquello que ocurrió como contrapunto a la actividad expositiva de A Chocolaría, que funcionó como una auténtica entidad de gestión, producción y difusión de contenidos culturales, integrada en circuitos de creación preexistentes: fue una de las sedes del *Festival Internacional en Pé de Pedra*, como lo fue de la *XIV*

Galicia e do *Festival Curtocircuíto 2005*; contribuíu a actividades de formación teórica, acollendo a *Aula de Renovación Urbana e Rehabilitación* e organizando os cursos *Mutacións urbanas* e *Reinventar-la cidade*; tamén de formación práctica, ao albergar talleres como os realizados por Ángela Ferreira, Curro Claret e Virxinia Angulo (O moble emocional - Fundación María Martínez Otero), Ignacio Pérez-Jofre ou Pedro Ramos García; apostou polas novas manifestacións das artes escénicas, producindo directamente *Saliva y Humo*, de Javier Fernández Martín; complementariamente, fixo fincapé na necesidade de xerar escenarios de aprendizaxe interdisciplinar, como no caso dos *Diálogos Ibéricos*, que concitaron algúns dos artistas portugueses e galegos máis relevantes, non para ofrecer unha concatenación de visións e experiencias persoais, senón para conformar, desde o traballo colectivo definido pola súa apertura ao público, un fértil mosaico cultural, do que a propia definición constituía un acto de aprendizaxe recíproca: teoría desde a praxe e praxe desde a teoría.

A Chocolaría nunca funcionou como mero receptáculo ou colector de obras ou propostas, senón máis ben como motor, como soporte de concepción, confrontación e materialización de ideas. O importante foi entender cada creación como un proceso complexo que era necesario abordar na súa totalidade, en lugar de fragmentariamente, como a miúdo acontece; resultaba esencial, ademais, entender cada obra non como un acontecemento illado, senón a suma de propostas interrelacionadas. Cada intervención era unha porta aberta a outras, precedentes ou vindeiras; cada idea, unha suma de posibilidades; A Chocolaría, un nodo para aglutinar e difundir a cultura.

Precisamente, só mediante a acentuación desta tendencia dinámica e multifacética resultaba posible concibir unha formulación estable do proxecto da Chocolaría; era necesario antepoñer o proceso ao resultado e propoñer o debate en función de cambiantes fluxos culturais. Factoría xorde como a consecuencia lóxica desta certeza, como estrutura de creación, ferramenta que permite xerar, activar e comunicar itinerarios estéticos e conceptuais de toda índole. Ao igual que o da *choco*, o de Factoría debe ser entendido como un proxecto de todos, como un espazo aberto ao concurso de cada cidadán e de cada institución, de todo aquel que experimente a necesidade de expresar e de entrar en contacto co que outros expresan.

A Chocolaría non tería sido posible sen a xenerosa achega dos seus patrocinadores privados: Grupo Ríos, propietario do inmoible, Artes Gráficas Litonor, Viaxes Atlántico, Sutega mobiliario, Ficción Produccións e Sadilsa iluminación, xunto a outras entidades e empresas colaboradoras, tales como Movemento, música para eventos, vinilos Axeitos, revista Artnotes e Chocolates Valrhona.

Por suposto, tampouco tería podido ter lugar sen a inestimable axuda do Concello de Santiago que contou coa grande implicación do seu Alcalde, D. Xosé Antonio Sánchez Bugallo, Presidente do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela, entidade que asumiu enteiramente a tarefa de producir a exposición retrospectiva

Feria de las Artes Escénicas de Galicia y del *Festival Curtocircuíto 2005*; contribuyó a actividades de formación teórica, acogiendo el *Aula de Renovación Urbana y Rehabilitación* y organizando los cursos *Mutacións urbanas y Reinventa-la cidade*; también de formación práctica, al albergar talleres como los realizados por Ángela Ferreira, Curro Claret y Virginia Angulo (O moble emocional - Fundación María Martínez Otero), Ignacio Pérez-Jofre o Pedro Ramos García; apostó por las nuevas manifestaciones de las artes escénicas, produciendo directamente *Saliva y humo*, de Javier Fernández Martín; complementariamente, hizo hincapié en la necesidad de generar escenarios de aprendizaje interdisciplinar, como en el caso de los *Diálogos Ibéricos*, que concitaron a algunos de los artistas portugueses y gallegos más relevantes, no para ofrecer una concatenación de visiones y experiencias personales, sino para conformar, desde el trabajo colectivo definido por su apertura al público, un fértil mosaico cultural cuya propia definición constituía un acto de aprendizaje recíproco: teoría desde la praxis y praxis desde la teoría.

A Chocolaría nunca funcionó como mero receptáculo o contenedor de obras o propuestas, sino más bien como motor, como soporte de concepción, confrontación y materialización de ideas. Lo importante fue entender cada creación como un proceso complejo que era necesario abordar en su totalidad, en lugar de fragmentariamente, como a menudo acontece; resultaba esencial, además, entender cada obra no como un acontecimiento aislado, sino la suma de propuestas interrelacionadas. Cada intervención era una puerta abierta a otras, precedentes o venideras; cada idea, una suma de posibilidades; A Chocolaría, un nodo para aglutinar y difundir la cultura.

Precisamente, sólo mediante la acentuación de esta tendencia dinámica y multifacética resultaba posible concebir una formulación estable del proyecto de A Chocolaría; era necesario anteponer el proceso al resultado y proponer el debate en función de cambiantes flujos culturales. Factoría surge como la consecuencia lógica de esta certeza, como estructura de creación, herramienta que permite generar, activar y comunicar itinerarios estéticos y conceptuales de toda índole. Al igual que el de la *choco*, el de Factoría debe ser entendido como un proyecto de todos, como un espacio abierto al concurso de cada ciudadano y de cada institución, de todo aquel que experimente la necesidad de expresar y de entrar en contacto con lo que otros expresan.

A Chocolaría no habría sido posible sin la generosa aportación de sus patrocinadores privados: Grupo Ríos, propietario del inmueble, Artes Gráficas Litonor, Viajes Atlántico, Sutega mobiliario, Ficción Producciones y Sadilsa iluminación, junto a otras entidades y empresas colaboradoras, tales como Movemento, música para eventos, vinilos Axeitos, revista Artnotes y Chocolates Valrhona.

Por supuesto, tampoco habría podido tener lugar sin la inestimable ayuda del Concello de Santiago que contó con la gran implicación del su Alcalde, D. Xosé Antonio

de Alejandro de la Sota, o curso de Mutacións Urbanas, o taller de *Diálogos Ibéricos* e a mostra *O absurdo e a arte contemporánea*, e mesmo este catálogo, que tivo a cortesía de co-editar. De igual xeito, cabe destacar o incondicional apoio de Dña. Mercedes Rosón, máxima responsable naquel momento do casco histórico compostelán, a cuxa rehabilitación puidemos contribuír activamente grazas ao seu ímpetu e irrefreable optimismo. Xunto a ela, Néstor Rego, desde a Concellaría de Cultura e co seu equipo do Auditorio de Galicia, resultou indispensable para levar a bo porto a exposición Habana Factory.

Convén sinalar, ademais, que o proxecto conectou de xeito directo coa Universidade de Santiago de Compostela, mediante un convenio de colaboración co programa de prácticas do Consello Social que permitiu a decenas de alumnos, fundamentalmente de Historia da Arte, pero tamén de Periodismo e Comunicación Audiovisual, tomar contacto coa praxe da cultura e a arte contemporáneas. En moitos casos, este contacto traducíuse nunha colaboración estable, como aconteceu con Clara Rodríguez Cordeiro e Aránzazu Pérez Indaverea, que asumiron tarefas de coordinación nalgunhas áreas do proxecto, e con Adrián Hiebra, incorporado ao proxecto de C5 colección, primeiro, e á estrutura de Factoría, como asistente de dirección, a posteriori.

Para moitos dos que pasaron pola *choco*, a vella fábrica foi unha porta aberta ao mercado laboral. Para outros, destacados profesionais do mundo da arte como Agar Ledo ou David Barro, supuxo un proxecto en cuxa xestación se implicaron de xeito directo e entusiasta, achegando a súa experiencia para conseguir que todo comezase a andar nas mellores condicións posibles; de igual modo, a experiencia de Antonio Cervera na xestión cultural, e a de Irene Cervera no ámbito da restauración e a arquitectura, resultaron indispensables para solucionar as dificultades inherentes á materialización dunha empresa desta envergadura e posibilitaron o mantemento e a administración integral do espazo e os recursos dispoñibles.

Por último, non quero rematar estas liñas sen afirmar que, por riba de todo, o que fixo posible esta aventura foi a alegría con que Compostela e os seus visitantes acolleron a iniciativa, na que se implicaron plenamente desde o primeiro momento. Sen a súa participación, este proxecto non tería pasado de ser un bonito soño.

Moitas grazas a todos.

Sánchez Bugallo, Presidente del Consorcio de la ciudad de Santiago de Compostela, entidad que asumió enteramente la tarea de producir la exposición retrospectiva de Alejandro de la Sota, el curso de *Mutacións Urbanas*, el taller de *Diálogos Ibéricos* y la muestra *O absurdo e a arte contemporánea*, e incluso este catálogo, que ha tenido la cortesía de co-editar. De igual manera, cabe destacar el incondicional apoyo de Dña. Mercedes Rosón, máxima responsable en aquel momento del casco histórico compostelano, a cuya rehabilitación pudimos contribuir activamente gracias a su ímpetu e irrefrenable optimismo. Junto a ella, Néstor Rego, desde la Concejalía de Cultura y con su equipo del Auditorio de Galicia, resultó indispensable para llevar a buen puerto la exposición Habana Factory.

Conviene señalar, además, que el proyecto entroncó de manera directa con la Universidad de Santiago de Compostela, mediante un convenio de colaboración con el programa de prácticas del Consello Social que permitió a decenas de alumnos, fundamentalmente de Historia del Arte, pero también de Periodismo y Comunicación Audiovisual, tomar contacto con la praxis de la cultura y el arte contemporáneos. En muchos casos, este contacto se tradujo en una colaboración estable, como ocurrió con Clara Rodríguez Cordeiro y Aránzazu Pérez Indaverea, que asumieron tareas de coordinación en algunas áreas del proyecto, y con Adrián Hiebra, incorporado al proyecto de C5 colección, primero, y a la estructura de Factoría, como asistente de dirección, a posteriori.

Para muchos de los que pasaron por *la choco*, la vieja fábrica fue una puerta abierta al mercado laboral. Para otros, destacados profesionales del mundo del arte como Agar Ledo o David Barro, supuso un proyecto en cuya gestación se implicaron de manera directa y entusiasta, aportando su experiencia para conseguir que todo comenzase a andar en las mejores condiciones posibles; de igual modo, la experiencia de Antonio Cervera en la gestión cultural, y la de Irene Cervera en el ámbito de la restauración y la arquitectura, resultaron indispensables para solventar las dificultades inherentes a la materialización de una empresa de esta envergadura y posibilitaron el mantenimiento y la administración integral del espacio y los recursos disponibles.

Por último, no quiero terminar estas líneas sin afirmar que, por encima de todo, lo que hizo posible esta aventura fue la alegría con que Compostela y sus visitantes acogieron la iniciativa, en la que se volcaron plenamente desde el primer momento. Sin su participación, este proyecto no habría pasado de ser un bonito sueño.

Muchas gracias a todos.



En ocasións, é difícil predicir ata que punto son importantes os pequenos xestos. En certo modo, o xérmolo do proxecto da Chocolataría non foi outra cousa ca unha suma de pequenos xestos que, por fortuna, concluíron nun soño compartido. Un soño afastado da afectación e da grandilocuencia, pero con peso dabondo como para mover a sensibilidade de máis de cen mil visitantes e quedar gravado no corazón de todos os composteláns.

Aínda lembro con nitidez o momento en que Concha Fontenla me falou do oportuno do espazo da vella fábrica de chocolate Raposo para o proxecto no que depositara a maior das súas ilusións. Faloume dun espazo para a arte e a cultura, dun punto de converxencia de ideas, un foro que fixese da creación contemporánea un vínculo inquebrantable entre cidadáns e cidades. A este bonito xesto –non puiden entender doutro xeito este convite a compartir tan maravillosa utopía– respondín con outro, hoxe evidente, brindando o meu apoio a través da cesión do que, non me cabe dúbida, era (é) un espazo máxico.

A chocolatería Raposo puido ter, naquel tempo, outros usos; tamén é probable que o soño de Concha Fontenla se materializase noutro dos espazos que a zona vella aínda conserva, como delicadas xemas, agardando recobrar o brillo de tempos pa-

ALEJANDRO RÍOS
A CHOCOLATARÍA / A CHOCOLATARÍA

En ocasiones, es difícil predecir hasta qué punto son importantes los pequeños gestos. En cierto modo, el germen del proyecto de A Chocolataría no fue otra cosa que una suma de pequeños gestos que, por fortuna, concluyeron en un sueño compartido. Un sueño alejado de la afectación y la grandilocuencia, pero con el suficiente peso como para mover la sensibilidad de más de cien mil visitantes y quedar grabado en el corazón de todos los compostelanos.

Todavía recuerdo con nitidez el momento en que Concha Fontenla me habló de lo oportuno del espacio de la vieja fábrica de chocolate Raposo para el proyecto en el que había depositado la mayor de sus ilusiones. Me habló de un espacio para el arte y la cultura, de un punto de convergencia de ideas, un foro que hiciese de la creación contemporánea un vínculo inquebrantable entre ciudadanos y ciudades. A este bonito gesto –no pude entender de otra manera esta invitación a compartir tan maravillosa utopía– respondí con otro, hoy evidente, brindando mi apoyo a través de la cesión de lo que, no me cabe duda, era (es) un espacio mágico.

La chocolatería Raposo pudo haber tenido, en aquel tiempo, otros usos; también es probable que el sueño de Concha Fontenla se materializase en otro de los espacios que la zona vieja todavía conserva, como delicadas gemas, esperando recobrar el

sados. Non obstante, creo sinceramente que ese proxecto e este espazo parecían concibidos, sinxelamente, o un para o outro. Non sei se neste xuízo pesa máis a pura razón ou o indubidable agarimo que teño por ese número 15 da Rúa das Orfas, pero non creo ser o único, a estas alturas, que sexa quen de imaxinar A Chocolataría noutro lugar, baixo outro nome, ou doutra forma. E iso é algo que me reconforta.

Reconfórtame porque, en certo sentido, entendo que dispoñer dun espazo destas características constitúe, en primeiro lugar, unha responsabilidade social e cultural. O poder decidir acerca do seu uso é unha potestade que un debe exercer con cautela pero, sobre todo, con cariño. É por iso que o proxecto da Chocolataría foi, para min, toda unha satisfacción, na medida en que me permitiu comprobar como a vella fábrica de chocolate podía seguir desenvolvendo, anos despois de abandonar a súa función orixinal, a sempre agradecida tarefa de albergar e repartir ilusións. A cultura, como o chocolate, é para todos os públicos.

Desde o meu punto de vista, sería interesante analizar A Chocolataría non tanto como un fenómeno illado senón como un modelo efectivo de recuperación de espazos urbanos. O seu éxito dá a razón aos que pensamos que non é preciso un grande investimento para reacondicionar este tipo de locais: un proxecto axeitado e traballo duro son dabondo, mentres que un elevado orzamento, por si só, non serve de nada.

Claro que esta avaliación comeza onde remata a apertura do espazo, nese dilatado período de xestión do espazo que define, de xeito inobxectable, se a rehabilitación foi atinada, isto é, se permite satisfacer as necesidades que formula o uso específico do inmovible. A heteroxeneidade de actividades que tiveron lugar na Chocolataría, en tan só quince meses, non deixa lugar a dúbidas neste sentido.

Diversos estudos demostraron, unha vez clausurado o proxecto, que a súa incidencia a nivel comercial e social na zona foi moito maior da prevista inicialmente. A rúa beneficiouse do que acontecía entre as máquinas de chocolate, recuperou un espazo inxustamente relegado á invisibilidade e celebrouno con entusiasmo. Sería inxusto, polo tanto, restrinxir a influencia e os beneficios do proxecto de rehabilitación á finitude do recinto, xa que a súa actividade contribuíu de xeito notorio a enriquecer, por múltiples vías, un amplo espazo social.

Non descubro nada novo cando digo que Santiago aínda posúe innumerables xemas, algunhas ignoradas, outras tan coñecidas como atrapadas pola desidia do desuso unha delas, por certo, albergará Factoría Compostela. Creo que A Chocolataría é un bo xeito de apelar á recuperación deste tipo de espazos, e non unha, senón unha infinidade de suxestións para eles. Sempre pensei que este foi un proxecto de proxectos, máis interesante polo que deixou por dicir que polo que dixó; é dicir, polas portas que propuxo franquear, e non tanto polas xa franqueadas.

No seu momento, eu participei activamente no derrubamento dese muro de chocolate –quen sabe se tamén de prexuízos– que separaba a rúa da utopía. Desde estas

brillo de tempos pasados. Sin embargo, creo sinceramente que ese proyecto y este espacio parecían concebidos, sencillamente, el uno para el otro. No sé si en este juicio pesa más la pura razón o el indudable cariño que tengo por ese número 15 de la Rúa das Orfas, pero no creo ser el único, a estas alturas, que sea capaz de imaginar A Chocolataría en otro lugar, bajo otro nombre, o de otra forma. Y eso es algo que me reconforta.

Me reconforta porque, en cierto sentido, entiendo que el disponer de un espacio de estas características constituye, en primer lugar, una responsabilidad social y cultural. El poder decidir acerca de su uso es una potestad que uno debe ejercer con cautela pero, sobre todo, con cariño. Es por eso que el proyecto de A Chocolataría fue, para mí, toda una satisfacción, en la medida en que me permitió comprobar cómo la vieja fábrica de chocolate podía seguir desarrollando, años después de abandonar su función original, la siempre agradecida tarea de albergar y repartir ilusiones. La cultura, como el chocolate, es para todos los públicos.

Desde mi punto de vista, sería interesante analizar A Chocolataría no tanto como un fenómeno aislado sino como un modelo efectivo de recuperación de espacios urbanos. Su éxito da la razón a quienes pensamos que no es necesaria una gran inversión para reacondicionar este tipo de locales: un proyecto adecuado y trabajo duro son suficientes, mientras que un elevado presupuesto, por sí solo, no sirve de nada.

Claro que esta evaluación comienza donde termina la apertura del espacio, en ese dilatado periodo de gestión del espacio que define, de manera inobjetable, si la rehabilitación ha sido acertada, esto es, si permite satisfacer las necesidades que plantea el uso específico del inmueble. La heterogeneidad de actividades que tuvieron lugar en A Chocolataría, en apenas quince meses, no deja lugar a dudas en este sentido.

Diversos estudios demostraron, una vez clausurado el proyecto, que su incidencia a nivel comercial y social en la zona fue mucho mayor de la prevista inicialmente. La calle se benefició de lo que acontecía entre las máquinas de chocolate, recuperó un espacio injustamente relegado a la invisibilidad y lo celebró con entusiasmo. Sería injusto, por lo tanto, restringir la influencia y los beneficios del proyecto de rehabilitación a la finitud del recinto, ya que su actividad contribuyó de manera notoria a enriquecer, por múltiples vías, un amplio espacio social.

No descubro nada nuevo cuando digo que Santiago todavía posee innumerables gemas, algunas ignoradas, otras tan conocidas como atrapadas por la desidia del desuso una de ellas, por cierto, albergará Factoría Compostela. Creo que A Chocolataría es una buena manera de apelar a la recuperación de este tipo de espacios, y no una, sino una infinidad de sugerencias para ellos. Siempre he pensado que éste ha sido un proyecto de proyectos, más interesante por lo que ha dejado por decir que por lo que ha dicho; es decir, por las puertas que ha propuesto franquear, y no tanto por las ya franqueadas.



modestas liñas quero resaltar o meu compromiso con este e outros proxectos que fan posibles que o noso patrimonio abandone o espazo dos arquivos e a memoria para continuar alimentando a vida, día a día, en plena rúa. O uso, non a contemplación, recupera o sabor e o aroma de escenarios como este que, desde a súa vetusta serenidade, se moven entre a cotianeidade e a maxia.

En su momento, yo participé activamente en el derribo de ese muro de chocolate —quien sabe si también de prejuicios— que separaba la calle de la utopía. Desde estas modestas líneas quiero resaltar mi compromiso con este y otros proyectos que hacen posible que nuestro patrimonio abandone el espacio de los archivos y la memoria para continuar alimentando la vida, día a día, en plena calle. El uso, no la contemplación, recupera el sabor y el aroma de escenarios como éste que, desde su vetusta serenidad, se mueven entre la cotidianidad y la magia.



XERARDO ESTÉVEZ

CHOCOLATE DE PEDRA / CHOCOLATE DE PIEDRA

A cultura é xa un dos principais motores do PIB e dá emprego ao 3,1 por cento dos traballadores europeos. Fernando Samaniego¹ analiza os resultados do estudo *La economía de la cultura en Europa*, elaborado pola consultora Kea European Affairs (www.keanet.eu) para a Dirección Xeral de Educación e Cultura da Comisión Europea. Certo que, como en calquera outro campo da economía, non é a cultura por si soa, senón na medida en que actúa como incentivo para o turismo e está vinculada con outras moitas áreas, como é o relevante sector das tecnoloxías da información e a comunicación. Nunha economía global onde o traballo industrial retrocede, a cultura emerxe como un sector cun potencial que a finais do século pasado apenas eramos quen de albiscar.

Vistas así as cousas, resulta evidente que a cultura non é só un servizo público, senón un sector económico en toda regra, que comporta unha gran dose de audacia e compromiso, tanto en termos de creación como de investimento e innovación.

A Chocolataría pecha as súas portas en Compostela. Remata unha experiencia deliberadamente efémera iniciada xa meses antes da inauguración, o 28 de setembro de 2005; unha provocación, un impulso que será —ou non— seguido por outros entes. Cunha proposta arriesgada e estimulante, minimalista e *povera*, A Chocolataría

1 / Samaniego, F., La cultura deja de ser florero. *El País*, 13-11-2006

La cultura ya es uno de los principales motores del PIB y da empleo al 3,1 por ciento de los trabajadores europeos. Fernando Samaniego¹ analiza los resultados del estudio *La economía de la cultura en Europa*, elaborado por la consultora Kea European Affairs (www.keanet.eu) para la Dirección General de Educación y Cultura de la Comisión Europea. Ciertamente que, como en cualquier otro campo de la economía, no es la cultura por sí sola, sino en la medida en que actúa como incentivo para el turismo y está vinculada con otras muchas áreas, como es el relevante sector de las tecnologías de la información y de la comunicación. En una economía global donde el trabajo industrial retrocede, la cultura emerge como un sector con un potencial que a finales del siglo pasado apenas éramos capaces de entrever.

Vistas así las cosas, resulta evidente que la cultura no solo es un servicio público, sino un sector económico en toda regla, que comporta una gran dosis de audacia y compromiso, tanto en términos de creación como de inversión e innovación.

A Chocolataría cierra sus puertas en Compostela. Termina una experiencia deliberadamente efímera iniciada meses antes de la inauguración, el 28 de septiembre de 2005; una provocación, un impulso que será —o no— seguido por otros entes. Con una propuesta arriesgada y estimulante, minimalista y *povera*, A Chocolataría recupe-

1 / Samaniego, F., La cultura deja de ser florero. *El País*, 13-11-2006

recuperou un ámbito cidadán, ou máis ben o revelou, porque nunca fóra realmente de dominio público. Para moitos composteláns, entre os que me inclúo, foi unha sorpresa descubrir o que agachaban os muros da vetusta chocolataría Raposo, o xardín, as naves, a maquinaria, todo un compendio, en fin, do que debe entenderse como patrimonio urbano máis alá das propias edificacións. Afeitos nos últimos tempos a identificar espazos da cultura con edificios de arquitectura impactante, cando non grandilocuente, A Chocolataría puxo de manifesto as virtudes da moderación, as posibilidades que pode ofrecer, ben plantexada, a simple limpeza e mantemento dun local con carácter.

Cando nos anos sesenta o movemento *underground* deu a luz un novo concepto de cultura á marxe dos canons establecidos, Compostela estaba aínda moi lonxe da periferia destes avatares. Pouco a pouco, non obstante, e mercé ás iniciativas pioneiras dalgúns extravagantes como Ventura Cores, Salvador García-Bodaño, Euloxio R. Ruibal, ... foron abrindo as portas as primeiras galerías privadas. O salto chegaría xa nos noventa, coa programación expositiva do Auditorio de Galicia, a inauguración do CGAC e tamén da man de xestores privados, posuidores de ilusión, criterio, e visión empresarial a partes iguais. A eles se incorporan en 2003, desde C5 Colección, Concha Fontenla e os seus fillos Irene e Antonio Cervera. O éxito da galería da rúa do Castro levounos a emprender esta insólita experiencia con outros colaboradores.

Por riba do valioso servizo que a iniciativa de D'5, Creación Contemporánea, presta á arte do noso tempo, gustárame poñer o acento na súa impagable contribución á dinamización do centro histórico compostelán durante estes quince meses. Calquera cidadán que circule habitualmente pola rúa das Orfas tivo ocasión de se familiarizar coa actividade e a concorrência pública que con frecuencia rebordaba da sala. Aberta á rúa por portas e fiestras, e recuperada a diafanidade do espazo para crear a transparencia co xardín e as dependencias do fondo do patio, non era posible pasar por diante sen mirar cara a dentro, e a modernidade das propostas chamaba sempre a deterse e entrar. Non era raro atopar un público realmente fóra do habitual neste tipo de recintos, porque visitar A Chocolataría se converteu nun xeito de saborear unha parte especialmente doce da memoria urbana.

Moita imaxinación e capacidade de persuasión tiveron que poñer en xogo os seus fundadores para meter en danza un plantel de patrocinadores privados. Dámoslles as grazas por ternos achegado tantas e tan diversas propostas internacionais nos campos da pintura e a escultura, instalacións e escenografías, fotografía e humor, arquitectura e mobiliario, cinema, música e danza, contos e xogos de rol. Se esta nómína abrangue múltiples actividades de produción propia, tamén houbo lugar para a presenza do sector público na colaboración coa Xunta de Galicia, o Consorcio e o Concello compostelán na realización de talleres, cursos e xornadas. De Julian Opie a De la Sota, das estratexias para a construción dunha imaxe ás mutacións urbanas, A Chocolataría introduciunos nunha “caixa de sombras sen fisuras”, para invitarnos a reflexionar “entre saliva e fume sobre o absurdo na arte contemporánea” mentres





ró un ámbito ciudadano, o más bien reveló, porque nunca fue realmente de dominio público. Para muchos compostelanos, entre los que me incluyo, fue una sorpresa descubrir lo que escondían los muros de la vetusta chocolatería Raposo, el jardín, las naves, la maquinaria, todo un compendio, en fin, de lo que debe entenderse como patrimonio urbano más allá de las propias edificaciones. Acostumbrados en los últimos tiempos a identificar espacios de la cultura con edificios de arquitectura impactante, cuando no grandilocuente, A Chocolatería puso de manifiesto las virtudes de la moderación, las posibilidades que puede ofrecer, bien planteada, la simple limpieza y mantenimiento de un local con carácter.

Cuando en los años sesenta un movimiento *underground* dio a la luz un nuevo concepto de cultura al margen de los cánones establecidos, Compostela estaba aún muy lejos de la periferia de estos avatares. Poco a poco, no obstante, gracias a las iniciativas pioneras de algunos extravagantes como Ventura Cores, Salvador García-Bodaño, Euloxio R. Ruibal... fueron abriendo las puertas las primeras galerías privadas. El salto llegaría en los noventa, con la programación expositiva del Auditorio de Galicia, la inauguración del CGAC y también de la mano de gestores privados, poseedores de ilusión, criterio, y visión empresarial a partes iguales. A ellos se incorporan en 2003, desde C5 Colección, Concha Fontenla y sus hijos Irene y Antonio Cervera. El éxito de la galería de la rúa do Castro los llevó a emprender esta insólita experiencia con otros colaboradores.

Por encima del valioso servicio que la iniciativa D'5, Creación Contemporánea, presta al arte de nuestro tiempo, me gustaría poner un acento en su impagable contribución a la dinamización del centro histórico compostelano durante estos quince meses. Cualquier ciudadano que circule habitualmente por la rúa das Orfas tuvo la ocasión de familiarizarse con la actividad y concurrencia pública que con frecuencia desbordaba la sala. Abierta a la calle por puertas y ventanas, y recuperada la diaphanidad del espacio para crear la transparencia con el jardín y las dependencias del fondo del patio, no era posible pasar por delante sin mirar para dentro, y la modernidad de sus propuestas llamaba siempre a detenerse y entrar. No era raro encontrar un público realmente fuera de lo habitual en este tipo de recintos, porque visitar A Chocolatería se convirtió en un modo de saborear una parte especialmente dulce de la memoria urbana.

Mucha imaginación y capacidad de persuasión es lo que tuvieron que poner en juego sus fundadores para meter en danza un plantel de patrocinadores privados. Les damos las gracias por habernos acercado tantas y tan diversas propuestas internacionales en los campos de la pintura y la escultura, instalaciones y escenografías, fotografía y humor, arquitectura y mobiliario, cine, música y danza, cuentos y juegos de rol. Si esta nómina abarca múltiples actividades de producción propia, también hubo lugar para la presencia del sector público en la colaboración con la Xunta de Galicia, el Consorcio y el Concello compostelano en la realización de talleres, cursos y jornadas. De Julian Opie a De la Sota, de las estrategias para la construcción de



degustabamos unha onza de chocolate. Unha traxectoria abraiante para tan breve duración.

Á luz do, ao meu parecer, excesivamente enconado debate sobre a Cidade da Cultura, xorde de novo a cuestión do papel do centro histórico como núcleo da vida cultural, e da actividade cultural como factor determinante da vitalidade do centro histórico. Sen saír do contexto peninsular, abundan os exemplos, en positivo e en negativo, da repercusión das iniciativas culturais para manter as constantes vitais das cidades vellas. Alí onde se diversifica, se innova, se aposta por promover ámbitos de creación, reflexión, opinión, o tecido social nutrese e reproduce; cando a sociedade civil se inhibe e deixa a iniciativa só en mans do sector público, o dinamismo esmorece e o contexto empobrecese inexorablemente.

Neste horizonte de compromiso coa dinamización do centro histórico compostelán, o peche das portas da Chocolataría non pode considerarse como unha defeción, posto que é un final anunciado e incluso disfrutamos dunha prórroga sobre as previsións iniciais, pero non cabe dúbida de que ese nicho debería ser cuberto de contado por algunha outra iniciativa capaz de concitar semellante expectación e actividade. Se o oco da Chocolataría ficase baleiro, pronto se enchería de maleza –en sentido figurado e literal– e a dentadura da vella Compostela veríase fanada.

Decembro de 2006


una imagen a las mutaciones urbanas, A Chocolataría nos introdujo en “una caja de sombras sin fisuras”, para invitarnos a reflexionar “entre saliva y humo sobre el absurdo en el arte contemporáneo” mientras degustábamos una onza de chocolate. Una trayectoria asombrosa para tan breve duración.

A la luz del, a mi parecer, excesivamente enconado debate sobre la Cidade da Cultura, surge nuevamente la cuestión del papel del centro histórico como núcleo de la vida cultural, y de la actividad cultural como factor determinante de la vitalidad del centro histórico. Sin salir del contexto peninsular, abundan los ejemplos, en positivo y en negativo, de la repercusión de las iniciativas culturales para mantener las constantes vitales de las ciudades viejas. Allí donde se diversifica, se innova, se apuesta por promover ámbitos de creación, reflexión, opinión, el tejido social se nutre y se reproduce; cuando la sociedad civil se inhibe y deja la iniciativa sólo en manos del sector público, el dinamismo se desvanece y el contexto se empobrece inexorablemente.

En este horizonte de compromiso con la dinamización del centro histórico compostelano, el cierre de las puertas de A Chocolataría no puede considerarse como una defeción, ya que es un final anunciado e incluso disfrutamos de una prórroga sobre las previsiones iniciales, pero no cabe duda de que ese nicho debería ser cubierto enseguida por alguna otra iniciativa capaz de concitar semejante expectación y actividad. Si el hueco de A Chocolataría quedara vacío, pronto se llenaría de maleza –en sentido figurado y literal– y la dentadura de la vieja Compostela se vería mellada.

Diciembre de 2006





DAVID BARRO

UN ESPAZO PARA CAMIÑAR / UN ESPACIO PARA CAMINAR

Nada máis gratificante que conseguilo case todo cando case non esperas nada. Así foi A Chocolaría, unha fortuna serendípica que nacía a finais de setembro de 2005, cunha forma distinta e cunha fragilidade e improvisación encantadoras nas institucionalizadas terras artísticas galegas. A Chocolaría recuperaba a memoria dos santiagueses e agudizaba a utopía que nos fai pensar que todo é posible. Un espazo virtual que soamente existía en potencia dotaba así de músculo a aquel espazo que moitos, os máis vellos do lugar, recordaban con sincera nostalxia na cidade compostelá.

A Chocolaría nacía como punto de partida ao descoñecido, como tentativa de suscitar un interese pola arte contemporánea, desde a reflexión e o pensamento, desde a confrontación e o respecto á cultura e á sociedade. Axudar a comprender e a valorar o noso desde unha óptica internacional e proporcionar unha alternativa a unha cultura institucional que desde hai varios anos semella actuar como mero escaparate de obras e artistas pechando os ollos a unha verdadeira conexión social, ese era o interese principal. A inauguración coa presenza de máis de tres mil persoas, cunha boa combinación da arte internacional (Julian Opie) e da nacional (Diego Santomé), foi unha mostra de que todo iso era posible; iso si, tamén se conseguía evitar ese carácter de desconfianza permanente que fai que aínda hoxe moitas per-

Nada más gratificante que conseguirlo casi todo cuando casi no esperas nada. Así fue A Chocolaría, una fortuna serendípica que nacía a finales de septiembre de 2005, con una forma distinta y con una fragilidad e improvisación encantadoras en las institucionalizadas tierras artísticas gallegas. A Chocolaría recuperaba la memoria de los santiagueses y agudizaba la utopía que nos hace pensar que todo es posible. Un espacio virtual que solamente existía en potencia dotaba así de músculo a aquel espacio que muchos, los más viejos del lugar, recordaban con sincera nostalgia en la ciudad compostelana.

A Chocolaría nacía como punto de partida a lo desconocido, como tentativa de suscitar un interés por el arte contemporáneo, desde la reflexión y el pensamiento, desde la confrontación y el respecto a la cultura y a la sociedad. Ayudar a comprender y a valorar lo nuestro desde una óptica internacional y proporcionar una alternativa a una cultura institucional que desde hace varios años parece actuar como mero escaparate de obras y artistas cerrando los ojos ante una verdadera conexión social, era el interés principal. La inauguración con la presencia de más de tres mil personas, con una buena combinación del arte internacional (Julian Opie) y del nacional (Diego Santomé), fue una muestra de que todo eso era posible; eso sí, también se conseguía evitar ese carácter de desconfianza permanente que hace que aún hoy muchas

soas do medio vexan con receo o que acontece e xorde dos esforzos dos veciños. A Chocolaría puido ser máis, si, pero aguantou o vento en contra, distintos golpes e reveses facendo un labor cultural indubidable. Xusto cando máis necesario resultaba debido á debilidade das propostas que viñan dos virtuais buques-insignia para a arte contemporánea galega inmersos nun momento de cambio.

Confeso que poucos recordos profesionais poden igualar aos dos meses previos e a posterior apertura de A Chocolaría. E de poucas cousas sinto tanto orgullo como de ser un dos fundadores e o primeiro director artístico dese lugar. Aos outros catro (Concha, Agar, Irene e Antonio), o meu agradecemento polos momentos compartidos. Pasaron os anos e estimo necesario reivindicar unha Chocolaría que se ofreceu como alternativa nun lugar que nos fai preguntarnos: ¿interesan as alternativas?; ¿interesan os debates nun mundo da arte galega que máis ca nunca tenta manexarse coma algo fechado? Seguramente non. En lugares coma o noso non é doado sacar adiante un proxecto e desde estas liñas gustaríame reivindicar máis apoios, máis confianza. Posiblemente, e ogallá, haberá outras ‘chocolarías’ capaces de producir proxectos e ideas, investigacións, pensamentos críticos, performances, confrontacións... pero sobre todo coa intención de conformar un contexto de convivencia a partir de indagar noutros contextos. Aí está o cambio de modelo sen esnaquizar institucións, sen obsesionarse por soterrar o pasado. En Galicia precísanse puntos de encontro para todos, muros transparentes, entregas cotiás e sorpresas. Menos crípticismo, máis opinión e máis traballo profesional. Porque A Chocolaría non entendeu a cultura como consenso, senón como pregunta, como opinión, como liberdade. De aí a proposta de presentar mostras de artistas individuais (a maior parte que nunca tiveron unha exposición individual institucional en España), e a intención de que a cada práctica viñese acompañada da súa teoría. A Chocolaría procurou ser un punto de encontro, un lugar onde a sociedade interesada no mundo da cultura atopase comodidade para estar, sempre desde a experiencia, a experimentación, a incerteza e a creación.

A Chocolaría foi, máis ca ningún outro, un espazo para camiñar. Recordo como as persoas se achegaban ao espazo maravillados sen saber que ían ver dentro del, simplemente percorrían o lugar camiñando e volvían, vían as máquinas, as obras e preguntaban, sobre todo preguntaban. Como se estivesen ‘encantados’ por un doce cheiro permanente a chocolate, ese chocolate de pedra do que fala Xerardo Estévez liñas antes. Quizais non foi máis ca iso, un aliciante lugar para camiñar entre obras de arte e outras experiencias estéticas. Seguramente por encantos coma ese Goethe aseverou que “Europa se fixo peregrinando a Santiago de Compostela” e, certamente, se algo distingue e define a Santiago de Compostela é ese sentido de viaxe, esa maneira de seguir un curso ou andar facendo camiño, ese vagar poético. A peregrinación a Santiago din que é unha viaxe ao interior dun mesmo, unha intimidade que se xustifica no culto mitolóxico arredor do descubrimento do apóstolo Santiago. Pola contra, ese sentido de peregrinación por unha ruta medieval no século XXI

personas del medio vean con recelo lo que sucede y surge de los esfuerzos de los vecinos. A Chocolaría pudo ser más, sí, pero aguantó el viento en contra, distintos golpes y reveses haciendo una labor cultural indudable. Justo cuando más necesario resultaba debido a la debilidad de las propuestas que venían de los virtuales buques-insignia para el arte contemporáneo gallego inmersos en un momento de cambio.

Confieso que pocos recuerdos profesionales pueden igualar a los dos meses previos y la posterior apertura de A Chocolaría. Y de pocas cosas siento tanto orgullo como de ser uno de los fundadores y el primer director artístico de ese lugar. A los otros cuatro (Concha, Agar, Irene y Antonio), mi agradecimiento por los momentos compartidos. Han pasado los años y estimo necesario reivindicar una Chocolaría que se ofreció como alternativa en un lugar que nos hace preguntarnos: ¿interesan las alternativas?; ¿interesan los debates en un mundo del arte gallego que más que nunca trata de manejarse como algo cerrado? Seguramente no. En lugares como el nuestro no es fácil sacar adelante un proyecto y desde estas líneas me gustaría reivindicar más apoyos, más confianza. Posiblemente, y ojalá, habrá otras ‘chocolaterías’ capaces de producir proyectos e ideas, investigaciones, pensamientos críticos, performances, confrontaciones... pero sobre todo con la intención de conformar un contexto de convivencia a partir de indagar en otros contextos. Ahí está el cambio de modelo sin destrozar instituciones, sin obsesionarse por enterrar el pasado. En Galicia se necesitan puntos de encuentro para todos, muros transparentes, entregas cotidianas y sorpresas. Menos crípticismo, más opinión y más trabajo profesional. Porque A Chocolaría no entendió la cultura como consenso, sino como pregunta, como opinión, como libertad. De ahí la propuesta de presentar muestras de artistas individuales (la mayor parte nunca habían tenido una exposición individual institucional en España), y la intención de que cada práctica viniese acompañada de su teoría. A Chocolaría procuró ser un punto de encuentro, un lugar donde la sociedad interesada en el mundo de la cultura encontrase comodidad para estar, siempre desde la experiencia, la experimentación, la incertidumbre y la creación.

A Chocolaría fue, más que ningún otro, un espacio para caminar. Recuerdo como las personas se acercaban al espacio maravillados sin saber qué iban a ver dentro de él, simplemente recorrían el lugar caminando y volvían, veían las máquinas, las obras y preguntaban, sobre todo preguntaban. Como si estuviesen ‘encantados’ por un dulce olor permanente a chocolate, ese chocolate de piedra del que habla Xerardo Estévez líneas atrás. Quizás no fue más que eso, un aliciante lugar para caminar entre obras de arte y otras experiencias estéticas. Seguramente por encantos como ese Goethe aseveró que “Europa se hizo peregrinando a Santiago de Compostela” y, ciertamente, si algo distingue y define a Santiago de Compostela es ese sentido de viaje, esa manera de seguir un curso o andar haciendo camino, ese vagar poético. La peregrinación a Santiago dicen que es un viaje al interior de uno mismo, una intimidad que se justifica en el culto mitológico en torno al descubrimiento del apóstol Santiago. Sin embargo, ese sentido de peregrinación por una ruta medieval

converteuse, na maioría das veces, nun *bussiness* sobre o espiritual, perdendo o seu primeiro sentido e enerxía. Porqué non reivindicar o simple acto de camiñar, como actitude, como xesto poético, como sensual poética do fráxil. De aí as reflexións de Honoré de Balzac na súa *Théorie de la démarche*: non é extraordinario observar que desde que o home camiña ninguén se preguntou: ¿por que camiña?, ¿como camiña?, ¿camiña realmente?, ¿faino ben?, ¿que fai ao camiñar?, ¿non habería unha forma de impoñer, cambiar, analizar a súa marcha? Unhas preguntas que corresponden a todos os sistemas filosóficos, psicolóxicos e políticos polos que se ocupou a xente.

Certamente, hai unha especie de beleza intelectual na sinxeleza do camiñar, nese tempo, nese argumento mínimo. E todo isto resulta patente na maneira que Julian Opie ten de espir a imaxe para primar o básico, a imaxe sucinta das súas figuras camiñando, comendo o chocolate ao que Diego Santomé deu forma de porta, camiñar polas evocadoras frases de Antía Moure, entre os vixiantes cans murais de Pedro Gomes, entre as esculturas de mobles de Bechara, entre as arquitectónicas pezas de Ângela Ferreira ou as caixas de Suso Fandiño. Artistas como Carlos Maciá, Jesús Pastor, Santos Montes, Manuel Sendón ou Sophie Whettnall deixaron a súa pegada á hora de converter o espazo nunha verdadeira factoría creativa. Só falamos de xestos, pero de xestos que nos falan así de memorias e desexo porque, como sinala Borges, “os pasos que dá un home desde o seu nacemento ata a súa morte, deseñan no tempo unha figura inconcibible”.

en el siglo XXI se ha convertido, en la mayoría de las veces, en un *bussiness* sobre lo espiritual, perdiendo su primer sentido y energía. Por qué no reivindicar el simple acto de caminar, como actitud, como gesto poético, como sensual poética de lo frágil. De ahí las reflexiones de Honoré de Balzac en su *Théorie de la démarche*: no es extraordinario observar que desde que el hombre camina nadie se ha preguntado: ¿por qué camina?, ¿cómo camina?, ¿camina realmente?, ¿lo hace bien?, ¿qué hace al caminar?, ¿no habría una forma de imponer, cambiar, analizar su marcha? Unas preguntas que corresponden a todos los sistemas filosóficos, psicológicos y políticos por los que se ha ocupado la gente.

Ciertamente, hay una especie de belleza intelectual en la sencillez del caminar, en ese tiempo, en ese argumento mínimo. Y todo ello resulta patente en la manera que Julian Opie tiene de desnudar la imagen para primar lo básico, la imagen escueta de sus figuras caminando, comiendo el chocolate al que Diego Santomé dio forma de puerta, caminar por las evocadoras frases de Antía Moure, entre los vigilantes perros murales de Pedro Gomes, entre las esculturas de muebles de Bechara, entre las arquitectónicas piezas de Ângela Ferreira o las cajas de Suso Fandiño. Artistas como Carlos Maciá, Jesús Pastor, Santos Montes, Manuel Sendón o Sophie Whettnall dejaron su huella a la hora de convertir el espacio en una verdadera factoría creativa. Sólo hablamos de gestos, pero de gestos que nos hablan así de memorias y deseo porque, como señala Borges, “los pasos que da un hombre desde su nacimiento hasta su muerte, diseñan en el tiempo una figura inconcebible”.



Sita nun lugar privilexiado do casco histórico de Santiago de Compostela (na rúa das Orfas), A Chocolataría tomaba o seu nome da desaparecida fábrica de chocolates ‘Raposo’, lugar aínda vivo na memoria dos cidadáns composteláns, fundado en 1902 sendo ata había pouco un dos negocios máis antigos da cidade. É precisamente esa memoria a que deu sentido a un espazo que non quería competir coa limpeza aséptica dos habituais lugares dedicados á arte contemporánea, senón polo contrario traballar desde o reto dun lugar cargado de forza sentimental a quen o lembrase, e física a quen tentase traballar nel a partir da experiencia estética.

O espazo, de 900 m², constaba de sete salas de moi distintas características, ademais dun atractivo xardín e unha terraza de dobre altura. Desas salas, só a sala de entrada foi habilitada dunha maneira máis convencional para a exhibición de arte contemporánea, mentres as outras mantivéronse fieis á súa orixe funcionando desde unha estética do aparente abandono como viñan nacente algunhas propostas similares noutros países estranxeiros. Nas páxinas seguintes móstranse algunhas imaxes de como se atopaba A Chocolataría días antes da inauguración como espazo para a arte. As evocadoras imaxes foron tomadas polo artista Rubén Ramos Balsa Balsa.



O ESPAZO / EL ESPACIO

Situada en un lugar privilexiado del casco histórico de Santiago de Compostela (en la rúa das Orfas), A Chocolataría tomaba su nombre de la desaparecida fábrica de chocolates ‘Raposo’, lugar aún vivo en la memoria de los ciudadanos compostelanos, fundado en 1902 siendo hasta hacía poco uno de los negocios más antiguos de la ciudad. Es precisamente esa memoria la que dio sentido a un espacio que no quería competir con la limpieza aséptica de los habituales lugares dedicados al arte contemporáneo, sino al contrario trabajar desde el reto de un lugar cargado de fuerza sentimental para quien lo recuerde, y física para quien tratase de trabajar en él a partir de la experiencia estética.

El espacio, de 900 m², constaba de siete salas de muy distintas características, además de un atractivo jardín y una terraza de doble altura. De esas salas, sólo la sala de entrada se habilitó de una manera más convencional para la exhibición de arte contemporáneo, mientras que las otras se mantuvieron fieles a su origen funcionando desde una estética del aparente abandono como nacían algunas propuestas similares en otros países extranjeros. En las páginas siguientes se muestran algunas imágenes de cómo se encontraba A Chocolataría días antes de la inauguración como espacio para el arte. Las evocadoras imágenes fueron tomadas por el artista Rubén Ramos Balsa.



PROXECTO FOTOGRÁFICO INÉDITO DE RUBÉN RAMOS Balsa / PROYECTO FOTOGRÁFICO INÉDITO DE RUBÉN RAMOS Balsa













19.45: INAUGURACIÓN (RUA DAS ORFAS)





20.30: DIEGO SANTOMÉ DERRUBA A PORTA DE CHOCOLATE / DIEGO SANTOMÉ DERRIBA LA PUERTA DE CHOCOLATE











EXPOSICIÓNS / EXPOSICIONES

Ao longo do tempo que en que se veu desenvolvendo a programación de A Chocolaría, acolleu un total de catorce exposicións individuais e dúas colectivas. Foron quince meses de intensa actividade nesta antiga factoría de Compostela nos que tanto artistas galegos como outros internacionais achegaron os seus traballos a este espazo de experimentación e de creación contemporánea.

A lo largo del tiempo en que se desarrolló la programación de A Chocolaría, acogió un total de catorce exposiciones individuales y dos colectivas. Fueron quince meses de intensa actividad en esta antigua factoría de Compostela en los que tanto artistas gallegos como otros internacionales acercaron sus trabajos a este espacio de experimentación y de creación contemporánea.







Diego Santomé (Vigo, 1966) é un artista de proxectos, dos que lles gusta traballar con grandes equipos, como un estudio de arquitectura ou unha axencia de publicidade. Para A Chocolataría e baixo o lema de “a arte se é de chocolate mellor”, presentou un proxecto artístico nos límites entre a publicidade e a arte, concibido especificamente para a exposición inaugural. O proxecto pretendía vincular a forte memoria do lugar cunha reflexión sobre as posibilidades da imaxe, e desenvolveuse a modo dunha campaña de marketing para dar a coñecer o espazo a partir de camisetas, chapas, carteis, mensaxes na web, SMS’s, performances e intervencións que tiñan que ver co chocolate. A frase “A arte, se é de chocolate, mellor” funcionou como unha mensaxe subliminar que o público asociou co espazo da antiga fábrica de chocolates. Días antes da inauguración, o artista fixo intervencións nas rúas da cidade e desenvolveu accións que foron permitindo aos paseantes descubrir que era un proxecto vinculado coa apertura do novo espazo expositivo. O día da inauguración o artista realizou unha performance que consistía na produción dun muro de chocolate e o seu posterior derribo que daba entrada ao público.

Diego Santomé (Vigo, 1966) es un artista de proyectos, de los que les gusta trabajar con grandes equipos, como un estudio de arquitectura o una agencia publicitaria. Para A Chocolataría, y bajo el lema de “a arte se é de chocolate mellor”, presentó un proyecto artístico en los límites entre la publicidad y el arte, concebido específicamente para la exposición inaugural. Pretendía vincular la fuerte memoria del lugar con una reflexión sobre las posibilidades de la imagen, y se desarrolló como una campaña de marketing para divulgar el espacio a partir de camisetas, chapas, carteles, SMS’s, mensajes en la web, performances e intervenciones relacionadas con el chocolate. La frase “A arte, se é de chocolate, mellor” funcionó como mensaje subliminal que el público asoció al espacio de la antigua fábrica de chocolates. Días antes de la inauguración, Santomé hizo intervenciones en las calles de la ciudad y desarrolló acciones que permitieron a los paseantes descubrir el proyecto vinculado a la apertura del nuevo espacio expositivo. El día de la inauguración el artista realizó una performance que consistía en la producción de un muro de chocolate y su posterior derribo que daba entrada al público.




As obras de Julian Opie (Londres, 1958) enténdense como unha reflexión en torno á pintura, malia que os soportes cos que traballa son moi variados, desde a escultura á animación por ordenador. En A Chocolataría, este artista que mostrou a súa obra nos principais museos do mundo, exhibiu unha selección exhaustiva de pezas nas que a figura humana era protagonista. O traballo de Julian Opie consiste en espir a imaxe, reducíndoa á mínima expresión. Este artista síntese fascinado pola sinxeleza subxacente nas cousas. Nas súas pinturas, nos seus vídeos, nos LEDs e ata nas esculturas que realiza, ofrece unha versión alternativa da realidade, construída cunha simbología mínima non exenta de humor. Os suxeitos que retrata non son anónimos, senón persoas que coñeceu ao longo da súa vida. A interpretación que fai Opie da xente non é azarosa, xa que podemos recoñecer as profesións ou os caracteres dos personaxes polas cores, polos seus cortes de pelo ou pola roupa que levan. O artista interpreta o mundo que o rodea coa axuda do computador, reconstruíndoo a partir do máis esencial da imaxe.

Las obras de Julian Opie (Londres, 1958) se entienden como una reflexión en torno a la pintura, a pesar de que los soportes con los que trabaja son muy variados, desde la escultura a la animación por ordenador. En A Chocolataría, este artista que mostró su obra en los principales museos del mundo, exhibió una selección exhaustiva de piezas en las que la figura humana es protagonista. El trabajo de Julian Opie consiste en desnudar la imagen, reduciéndola a la mínima expresión. Este artista se siente fascinado por la sencillez que subyace bajo las cosas. En sus pinturas, en sus vídeos, en sus LEDs e incluso en las esculturas que realiza, ofrece una versión alternativa de la realidad, construida con una simbología mínima no exenta de humor. Los sujetos que retrata no son anónimos, sino personas que conoció a lo largo de su vida. La interpretación que hace Opie de la gente no es azarosa, ya que podemos reconocer las profesiones o los caracteres de los personajes por los colores, por sus cortes de pelo o por su ropa. El artista interpreta el mundo que lo rodea con la ayuda del ordenador, reconstruyéndolo a partir de lo más esencial de la imagen.







Besbellar de Antía Moure (Monforte de Lemos, 1981) amosaba un exhibicionismo de paixóns dunha forma tan sinxela como directa. A modo de desafozada confianza, revelaba segredos, angustias ou emocións; experiencias reais que aludían a relacións sentimentais que esta artista nova reinterpreta en espazos abandonados. A cociña de A Chokolataría foi así utilizada pola artista para a presentación dunha vídeoinstalación na que confesaba os seus segredos e os seus medos máis íntimos e persoais. Unha fotografía centraba a sala da torradora nun ambiente case tenebroso para facer alusión aos contos da infancia. Esas mensaxes gardaban un amargo sabor a impotencia, que ligaba coa resistencia e tendencia contestataria de artistas como Barbara Kruger, aínda que evitando o activismo e o autoritarismo apelativo para achegarse máis a unha intimidade bisbada. Nunha realidade sobrecargada de contradicións en forma de signos que se disfrazan de actitudes didácticas cando non son máis que opinións estudadamente dirixidas de carácter autoritario, a obra de Antía Moure, preséntase como a maneira máis efectiva de emitir unha mensaxe sólida, aínda que na maior parte das veces sexa dunha vida en ruínas.

Besbellar de Antía Moure (Monforte de Lemos, 1981) mostraba un exhibicionismo de pasiones de una manera tan sencilla como directa. A modo de desahogada confianza, revelaba secretos, angustias o emociones; experiencias reales que aludían a relaciones sentimentales que esta joven artista reinterpreta en espacios abandonados. La cocina de A Chokolataría fue así utilizada por la artista para la presentación de una vídeoinstalación en la que confesaba sus secretos y sus miedos más íntimos y personales. Una fotografía centraba la sala de la tostadora en un ambiente casi tenebroso para hacer alusión a los cuentos de la infancia. Estos mensajes guardaban un amargo sabor a impotencia, que ligaba con la resistencia y tendencia contestataria de artistas como Barbara Kruger, aunque evitando el activismo y el autoritarismo apelativo para acercarse más a una intimidad susurrada. En una realidad sobrecargada de contradicciones en forma de signos que se disfrazan de actitudes didácticas cuando no son más que opiniones estudiadamente dirigidas de carácter autoritario, la obra de Antía Moure, se presenta como la manera más efectiva de emitir un mensaje sólido, aunque en la mayor parte de las veces sea una vida en ruínas..



O artista brasileiro José Bechara (Río de Janeiro, 1957) iniciou a sua produción a primeiros dos anos noventa como pintor, desenvolvendo unha linguaxe marcada pola utilización diversificada de materiais, como oxidacións sobre lona de camión e peles de animais, permitindo novas experiencias no campo pictórico. Recientemente, o artista vén creando instalacións feitas con mobles, combinando o xesto escultórico con cuestións relativas á pintura, como plano, cor ou xeometría. Na súa destacada traxectoria artística cómpre subliñar a súa participación na Bienal de São Paulo 2002 ou na V Bienal do Mercosur. En A Chocolaría propuxo un conxunto expositivo, *Vespeiro*, no que se amosaban fotografías, debuxos e unha instalación na que utilizaba elementos arquitectónicos e mobiliario preexistente no propio edificio para producir unha experiencia plástica de grandes dimensións que permitía interactuar entre os seus espazos interiores e exteriores. O tempo como memoria, tan presente na obra de Bechara, motivara o convite para traballar en A Chocolaría; unha experiencia física traducida en experiencia estética coa intención de transmitir ao espectador o desasosiego que produce o abandono.

El artista brasileño José Bechara (Río de Janeiro, 1957) inició su producción a principios de los años noventa como pintor, desarrollando un lenguaje marcado por la utilización diversificada de materiales, como oxidaciones sobre lona de camión y pieles de animales, permitiendo nuevas experiencias en el campo pictórico. Recientemente, el artista trabaja instalaciones hechas con muebles, combinando el gesto escultórico con cuestiones relativas a la pintura, como plano, color o geometría. En su destacada trayectoria artística es necesario resaltar su participación en la Bienal de São Paulo 2002 o en la V Bienal del Mercosur. En A Chocolaría planteó un conjunto expositivo, *Vespeiro*, en el que se mostraron fotografías, dibujos y una instalación en la que utilizaba elementos arquitectónicos y mobiliario preexistente en el propio edificio para producir una experiencia plástica de grandes dimensiones que permitía interactuar entre sus espacios interiores y exteriores. El tiempo como memoria, tan presente en la obra de Bechara, motivó esta invitación para trabajar en A Chocolaría; una experiencia física traducida en experiencia estética con la intención de transmitir al espectador el desasosiego que produce el abandono.







Pedro Gomes (Mozambique, 1972) vive e traballa en Lisboa. A súa obra caracterízase polo dominio do debuxo e a súa aplicación en pintura, sempre a partir dunha estratexia de dislocación onde finas liñas de tinta de bolígrafo, queimaduras directas sobre o papel ou amoreamentos de po sobre un lenzo, conceden unha nova dimensión para coquetear no interesante territorio de fusión dos límites entre xéneros. Todo é produto dunha fórmula de apropiación do soporte e da idea convencional que temos da pintura ou do debuxo, investida dunha utilización ou dunha xustaposición de materiais “inferiores”: lume, tinta de bolígrafo, po... Pedro Gomes presentou no lenzo mural do patio de A Chokolataría unha intervención na que coqueteaba co efémero e co precario. En *Palleiros* o artista reflexionaba sobre o can, considerado como un dos animais máis simbólicos e con máis historia en relación co home para deterse en certas realidades periféricas, exemplificadas a través dos cans sen dono, abandonados e marxinados para elevalos á máxima categoría na arte, o retrato, e introducilos deste xeito no espazo expositivo exterior de A Chokolataría.


Pedro Gomes (Mozambique, 1972) vive y trabaja en Lisboa. Su obra se caracteriza por el dominio del dibujo y su aplicación en pintura, siempre a partir de una estrategia de dislocación donde finas líneas de tinta de bolígrafo, quemaduras directas sobre el papel o amontonamientos de polvo sobre un lienzo, conceden una nueva dimensión para coquetear en el interesante territorio de fusión de los límites entre géneros. Todo es producto de una fórmula de apropiación del soporte y de la idea convencional que tenemos de la pintura o del dibujo, investida de una utilización o de una yuxtaposición de materiales “inferiores”: fuego, tinta de bolígrafo, polvo... Pedro Gomes presentó en el lienzo mural del patio de A Chokolataría una intervención en la que coqueteaba con lo efímero y lo precario. En *Palleiros* el artista reflexiona sobre el perro, considerado como uno de los animales más simbólicos y con más historia en relación con el hombre para detenerse en ciertas realidades periféricas, ejemplificadas a través de los perros sin dueño, abandonados y marginados para elevarlos a la máxima categoría en el arte, el retrato, e introducirlos de este modo en el espacio expositivo exterior de A Chokolataría.



A obra da artista Ângela Ferreira (Maputo, Mozambique, 1958) sitúase a nivel do *entropismo*, entendida como medida de eficiencia na transmisión de información, xa que a artista achégase á historia e aos relatos da sociedade post-colonial portuguesa, da cal é oriúnda, mesturándoa con referencias –non sempre coa historia– da escultura contemporánea. Como se constataba na exposición comisariada polo brasileiro Paulo Reis, a súa obra é profundamente conceptual, xa que se orixina primeiro na idea do obxecto en si. Pero tamén é existencial na medida en que busca a súa relación co espazo, sexa mental, arquitectónico ou auto-referencial, é dicir, a obra instáurase a medida que volve ao seu estado *mnemónico*. Ferreira foi a primeira artista que propuxo un diálogo co peculiar espazo da sala de máquinas de A Chocolataría, conseguindo fusionar así a memoria histórica da fábrica coa arte máis contemporánea, a través da súa exposición denominada *Ângela Remix*. Desde a súa linguaxe obxectiva e minimalista aproximouse á historia e ás lembranzas da vida compostelá mediante a vella maquinaria da Chocolataría Raposo.



La obra de la artista Ângela Ferreira (Maputo, Mozambique, 1958) se sitúa a nivel del *entropismo*, entendida como medida de eficiencia en la transmisión de información, ya que la artista se acerca a la historia y a los relatos de la sociedad post-colonial portuguesa, de la cual es oriunda, mezclándola con referencias –no siempre con la historia– de la escultura contemporánea. Como se constataba en la exposición comisariada por el brasileño Paulo Reis, su obra es profundamente conceptual, ya que se origina primero en la idea del objeto en sí. Pero también es existencial en la medida que busca su relación con el espacio, sea éste mental, arquitectónico o auto-referencial, es decir, la obra se instaura a medida que vuelve a su estado *mnemónico*. Ferreira fue la primera artista que propuso un diálogo con el peculiar espacio de la sala de máquinas de A Chocolataría, consiguiendo fusionar así la memoria histórica de la fábrica con el arte más contemporáneo, a través de la exposición denominada *Ângela Remix*. Desde su lenguaje objetivo y minimalista se acercó a la historia y a los recuerdos de la vida compostelana mediante la vieja maquinaria de A Chocolataría Raposo.



A relación de Suso Fandiño (Santiago de Compostela, 1971) cos seus obxectos e imaxes suxire un debate entre ambos termos, as súas fracturas e encontros ao longo do século XX. A interrelación e a cita directa son elementos habituais na obra do autor, propoñéndonos deste xeito novos modos de relación entre obra e espectador, novas respostas e novas preguntas. Dunha banda atopamos na súa obra expectativas de significación derivadas da relectura de elementos iconográficos que dalgún xeito iniciaron un debate sobre a autoría, os modos de produción e distribución do obxecto artístico. A apropiación destes elementos e a súa (re)presentación no contexto actual perverte a súa significación inicial e a relación de convivencia do espectador cos mesmos. En *A Chokolataría* propuxo un conxunto de caixas expostas, baleiras, formando un cubo perfecto que bloqueaba a entrada no espazo e cunha única frase no cartón: *This box does not contain artistic work of any kind*. A exposición presentábase como un xogo para o espectador, de forma que as persoas que estiveron interesadas en entrar tiveron que interactuar coa obra, véndose na obriga de mover ou de levar unha caixa para poder pasar.

